



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

ACTA Nº 2/2014

CONCELLO DE PARADELA

PROVINCIA DE LUGO

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL CATORCE.

En Paradela, a vinte e sete de marzo de 2014

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D^a SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D^a M^a MONTSERRAT MULET SAR
- D^a M^a TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D^a. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 30 DE XANEIRO DE 2014.

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de xaneiro de 2014, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 30 de xaneiro de 2014.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos once Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

O Pleno dase por enterado

3º.- DACIÓN DE CONTA, DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2013 E DO INFORME DE EVALUACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO 2013.

Deuse conta do decreto de 19 de febreiro de 2014 que se transcribe:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

De acordo co establecido nos arts. 191 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, 89 e seguintes do Real decreto 500/1990, do 20 de abril e o disposto nas Regras 66 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo simplificado de contabilidade local, se procedeu ao peche e liquidación do Orzamento xeral municipal para o exercicio 2013, poñéndose de manifesto os seguintes resultados:

RESULTADO PRESUPOSTARIO

<i>Dereitos recoñecidos netos(+)</i>	<i>1.352.177,58 €</i>
<i>Obrigas recoñecidas netas(-)</i>	<i>1.319.459,55 €</i>
<i>Resultado presupostario</i>	<i>32.718,03 €</i>
<i>Gastos financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (+)</i>	<i>55.392,16 €</i>
<i>Desviacións de financiamento negativas (+)</i>	
<i>Desviacións de financiamentos positivas(-)</i>	<i>40.270,65 €</i>
<i>Resultado presupostario axustado</i>	<i>47.839,54 €</i>

REMANENTE DE TESOURERÍA

<i>1. (+) Deudores pendentes de cobro ao remate do exercicio</i>	<i>313.766,07 €</i>
<i>De orzamento de ingresos. Exercicio corrente</i>	<i>240.125,59 €</i>
<i>De orzamento de ingresos. Presupostos pechados</i>	<i>78.021,73 €</i>
<i>De operacións comerciais</i>	<i>0,00 €</i>
<i>De outras operacións non orzamentarias</i>	<i>691,70 €</i>
<i>Ingresos pendes de aplicación definitiva</i>	<i>5.072,95 €</i>
<i>2. (-) Acreedores pendentes de pago ao peche do exercicio</i>	<i>150.688,10 €</i>
<i>De orzamento de gastos. Exercicio corrente</i>	<i>132.543,63 €</i>
<i>De orzamento de gastos. Exercicios pechados</i>	<i>116,43 €</i>
<i>De outras operacións non orzamentarias</i>	<i>29.712,84 €</i>
<i>Pagos pendentes de aplicación orzamentaria</i>	<i>11.684,80 €</i>
<i>3. (+) Fondos líquidos en tesourería ó peche do exercicio</i>	<i>56.786,65 €</i>
<i>4. Remanente de tesourería total</i>	<i>219.864,62 €</i>
<i>5. Saldos de dudoso cobro</i>	<i>29.255,62 €</i>
<i>6. Remanente de tesourería afectado a gasto con financiación finalistas</i>	<i>40.201,22 €</i>
<i>7. Remanente de tesourería para gastos xerais (1-2+3-4-5)</i>	<i>150.407,78 €</i>



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelá
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradelá@cidolocal.es

REMANENTES DE CRÉDITO:

De conformidade co disposto nas regras 37 e seguintes da Orde EHA/4042/2004, do 23 de novembro, os remanentes de crédito ascenden a cantidade de: 214.333,49 €, atopándose os mesmos na seguinte situación:

1.- Presuposto definitivo.....	1.444.033,23
2.- Obrigas recoñecidas netas.....	1.319.459,55
3.- Remanente de Crédito.....	124.573,68
4.- Remanentes comprometidos.....	0,00
Incorporables.....	0,00
Non incorporables.....	0,00
5.- Remanentes non comprometidos	124.573,68
Incorporables.....	40.938,41
Non incorporables.....	83.635,27

Tendo en conta o establecido na normativa citada e o contido no informe da Secretaría-Intervención de data 20 de febreiro de 2013, en uso das facultades conferidas polos artigos 191.3º e 193. 4º e 5º do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, por medio da presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á liquidación do orzamento xeral municipal para o exercicio 2013, nos termos anteriormente expresados.

SEGUNDO.- Declarar coma créditos de incorporación obrigada:

- Da partida 2.13. 11.155,49 euros correspondentes á subvención recibida da Consellería de Traballo para os custes laborais derivados da contratación de dous (2) peóns e unha (1) auxiliar de axuda no fogar, correspondente aos Programas de Cooperación 2013.

- Da partida 2.16. 5.442,54 euros correspondentes á subvención recibida da Consellería de Traballo para os custes das cotas da Seguridade Social derivados da contratación de dous (2) peóns e unha (1) auxiliar de axuda no fogar, correspondente aos Programas de Cooperación 2013.

- Da partida 4.61. 24.340,38 euros para obra do PEIM anualidade 2013.

TERCEIRO.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que celebre.

CUARTO.- Remitir copia da liquidación que se aproba á Delegación Provincial de Lugo do Ministerio de Economía e Facenda e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

Paradelá, a 19 de febreiro de 2014. O Alcalde, Asdo.: José Manuel Mato Díaz”

Asemade, douse conta do informe de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento 2013, emitido polo Secretario interventor en data 18 de febreiro de 2014, dando cumprimento ao establecido no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de

Estabilidade Presupuestaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, co seguinte tenor literal:

“ASUNTO: Informe de evaluación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria na liquidación do orzamento 2013.

Con motivo da aprobación da liquidación do orzamento 2013 e en cumprimento do previsto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira, emito o seguinte INFORME:

PRIMEIRO.- *A elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Entidades Locais someterase aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, coherente coa normativa europea, e de conformidade co previsto nos artigos 3, 4, 11, 12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostibilidade Financeira.*

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Conforme establece o artigo 11.3 e 11.4 da Lei Orgánica 2/2012 de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, as Corporacións Locais non poderán incurrir en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, polo que deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Deberase cumprir o principio de sostibilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gastos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública.

SEGUNDO.- Lexislación aplicable.

- Regulamentos (CE) Nº 2223/96, 2516/2000, 2558/2001 e 1221/2002 do Consello da Unión Europea, relativos ao sistema de constas nacionais e rexionais (SEC 95).

- RDL 2/2007, do 28 de decembro polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria. (TRLXEO)

- RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001, do 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais. (RLEO)

- RDL 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais. (TRLFL)

- Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais.

- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

TERCEIRO.- *Tal e como dispón o artigo 16 apartado 1 in fine e apartado 2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, a Intervención Local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia Entidade Local e dos seus organismos e entidades dependentes.*



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Este informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, Informe para a aprobación do Orzamento, do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, referidos respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.

O Interventor local deberá detallar no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos de 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios.

O Interventor deberá avaliar a capacidade para financiar os compromisos presentes e futuros dentro dos límites de déficit e débeda pública, conforme ao establecido na normativa europea e na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostabilidade Financeira.

CUARTO.- Obxectivo de estabilidade.

Mediante acordo do Consello de Ministros de data 20 de xullo de 2012, estableceuse o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o trienio 2013-2015 o equilibrio.

A estabilidade orzamentaria implica que de maneira constante, ao longo do ciclo, os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser suficientes para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade investidora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes non empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

Simplificando, o volume da débeda non pode aumentar, como máximo debe permanecer constante. Supón que nos orzamentos municipais o endebedamento anual neto (endebedamento–amortizacións) debe ser cero. De maneira máis ríxurosa, que as variacións de pasivos e activos financeiros debe estar equilibrada.

Para os entes non sometidos a réxime orzamentario considérase desequilibrio cando, de acordo cos criterios do plan de contabilidade que lles resulte aplicable, dos seus estados económicos se deduza que incurren en perdas e requiran para o seu saneamento da dotación de recursos non previstos no escenario de estabilidade da entidade das do apartado anterior que lle toque aportalos, e deberán ser obxecto dun informe individualizado.

QUINTO.- Principio de estabilidade orzamentaria

*Establece o artigo 2.1 d) do TRLGEP que “a los efectos de la presente ley, el sector público se considera integrado por: las entidades locales.....”. Pola súa banda o artigo 3 determina que os suxeitos ós que se refire o artigo 2.1d) desta lei suxeitanse ó principio de estabilidade nos termos establecidos no **artigo 19** desta lei.*

O artigo 19.3 establece a instrumentación do principio de estabilidade orzamentaria, así, as entidades locais deben axustar seus orzamentos ó principio de estabilidade orzamentaria entendido como “la situación de equilibrio o de superávit en términos de capacidad de financiación de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC 95)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 4 do Regulamento cando establece que “las entidades locales... aprobarán, ejecutarán y liquidarán sus presupuestos consolidados ajustándose al principio de estabilidad definido en los apartados 1 y 3 del artículo 19 de la Ley General de Estabilidad Presupuestaria”.

En suma, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiación dacordo ca definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC95), é dicir, a existencia dun equilibrio en termos de presupostación, execución e liquidación, entre os **ingresos de natureza non financeira e os gastos da mesma natureza**, de modo que se os ingresos son superiores ós gastos estaremos nunha situación de equilibrio (capacidade de financiación), polo contrario, se os gastos superan ós ingresos estaremos ante unha situación de desequilibrio (necesidade de financiación).

SEXTO.- Verificación do cumprimento

Segundo o artigo 15 do Regulamento, “se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso, modificados...de los sujetos incluídos en el artículo 4.1 del presente reglamento, alcancen, una vez consolidados, y en términos de capacidad de financiación, de acuerdo con la definición contenida en el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales, el objetivo de equilibrio o superávit establecido para las restantes entidades locales”.

Sentado o anterior, xenericamente, poderíamos dicir que a estabilidade orzamentaria a calculamos como a diferenza entre ingresos e gastos non financeiros, isto é, dos capítulos I ao VII do estado de ingresos e capítulos I, II, III, IV, VI e VII do de gastos, de tal xeito que si o resultado é **igual ou positivo** se estará en “**estabilidade**” pero, si pola contra, é negativo, resulta un desequilibrio e necesidade de financiamento que, leva consigo a remisión do dito informe. Pero ademáis, tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, pois o art. 16.2 (terceiro parágrafo) do regulamento indica que “.....detallará los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de contabilidad nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)”.

Así pois aplicando a **PRIMEIRA FÓRMULA** (cap. 1-7 ingresos – cap. 1-7 gastos) tomamos para realizar os cálculos os dereitos e obrigas recoñecidas durante o exercicio 2013, sendo a situación do Concello de Paradela a seguinte:

Cap	Denominación	DR netos	Cap	Denominación	OR netas
1	Impostos directos	363.041,33	1	Gastos persoal	460.813,57
2	Impostos indirectos	11.048,79	2	Gastos bens corrent	498.127,88
3	Taxas e outros ingresos	108.517,72	3	Gastos financeiros	5.280,08
4	Transf. correntes	731.469,29	4	Transf. correntes	23.017,57
5	Ingresos patrimoniais	21.952,23			
6	Alleam. Invest reais	0,00	6	Investimentos reais	266.068,24
7	Transf. de capital	116.148,22	7	Transf. de capital	39.550,91
		1.352.177,58			1.292.858,25
Capacidade-necesidade de financiación				59.319,33	

Non obstante, e tendo en conta que a capacidade/necesidade de financiamento debe analizarse tendo en conta o **Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales (SEC95)**, deben realizarse os axustes especificados pola Intervención Xeral do Estado no Manual publicado para o cálculo do déficit en contabilidade nacional



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

adaptado ás Corporacións Locais, que, por lo que se refire a este Concello de Paradelas serían os seguintes:

1.- AXUSTES NO ESTADO DE INGRESOS.-

A) Ingresos fiscais e asimilados.- Debemos axustar os dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 2 e 3 de ingresos, aplicando o criterio de caixa, isto é, o axuste ven determinado pola diferenza entre os dereitos recoñecidos pola Corporación e a recadación total en caixa correspondente ós citados ingresos, tanto de orzamento corrente como de exercicios pechados. Se o importe de tales dereitos recoñecidos supera o valor dos cobros, efectuarase un axuste negativo que incrementará o déficit público, polo contrario, se a contía dos dereitos recoñecidos é inferior ó importe dos cobros, o axuste será positivo, diminuindo o déficit. O importe total recadado polo Concello durante o exercicio 2013 ascendeu a 326.257,38 euros en corrente e 116.179,48 euros en pechados, o que suma un total de 442.436,86 euros. Os dereitos recoñecidos nestes capítulos ascendían a un total de 482.607,84 euros, polo que a diferenza debe **axustarse á baixa**, por importe de **40.170,98**.

B) Participación nos tributos do Estado.- Debemos computar as entregas a conta e a liquidación definitiva do exercicio satisfeitas polo Estado a favor do Concello durante o exercicio 2013. As diferenzas poden vir motivadas polo desfase nas comunicacións que teñen entrada no Concello no exercicio seguinte á data do recoñecemento do pago pola Administración do Estado, así, axustamos á alza por aquelas cantidades correspondentes ó concepto sinalado que non fosen recoñecidas no 2013 por descoñecemento dos datos a 31/12/13 ou ben en senso contrario axustaremos á baixa polos dereitos recoñecidos correspondentes ao 2012, pero imputados a este orzamento por ter coñecemento dos datos con posterioridade a 31/12/12. En concreto neste exercicio non proceden os **axustes correspondentes á participación dos tributos do estado** pois o Concello tiña coñecemento da entrega a conta correspondentes ao mes de decembro no propio mes de decembro de 2013 aínda que non se producirá o ingreso efectivo.

C) Transferencias correntes e de capital.- Os ingresos dos capítulos 4 e 7 deben computarse tomando o criterio do pagador, isto é, os importes a considerar serán os mesmos que os que o ente pagador rexistra como recoñecidos na súa contabilidade.

Para este Concello a aplicación práctica deste axuste concrétase para as distintas subvencións que recibe no importe resultante de sumar aos dereitos recoñecidos en 2013, o ingresado por dereitos recoñecidos de orzamentos pechados que tiveron recoñecemento de pago polo pagador neste exercicio, e axustar á baixa todos aqueles dereitos recoñecidos pendentes de pago que a 31 de decembro de 2013 que aínda estaban pendentes de recoñecemento polo pagador. Estas diferenzas afloran debido a que o dereito recoñecido por subvencións contabilízase no momento en que o Concello cumpre os requisitos esixidos para poder xerar dereito ao cobro da mesma, podendo ocorrer que o ente pagador tras recibir a xustificación recoñeza a obligación en exercicio distinto. Este axuste poderíase evitar se os entes pagadores subministraran ao Concello a información sobre os importes contabilizados polos mesmos como transferencias dadas, cando na práctica non é habitual que subministren esta información, debendo a Intervención recabala ben a través de consultas telefónicas ou

ben partindo da comunicación inicial de concesión da subvención na que se limita o prazo de xustificación ata como máximo o remate de cada exercicio o que implica a non incorporación de remanentes, deducíndose que o ente pagador imputa o gasto ao orzamento da concesión.

- O importe que correspondente a cobros de dereitos recoñecidos de orzamentos pechados (ano 2012) ascende a un total de **175.518,25 euros**, dos que corresponde **axustar a alza 14.864,97**. A diferenza responde a que na comunicación inicial de concesión da subvención se limitaba o prazo de xustificación ata como máximo o remate de cada exercicio o que implica a non incorporación de remanentes, deducíndose que o ente pagador imputa o gasto ao orzamento da concesión.

Polo que o axuste a alza responde ao seguinte esquema:

Subconcepto	Denominación	Importe
450	Subvención Técnico Local Empleo	6.411,97
461	Subvención Deputación Servizo axuda no fogar	6.053,00
761	Subvención Deputación Certame Literario Manuel Oretes	800,00
761	Subvención Deputación mobiliario Centro Socio Cultural	1.600,00
	TOTAL	14.864,97

O resto de subvencións recoñecidas en anos anteriores pero ingresadas en 2013 corresponden a subvencións da Xunta de Galicia que debían ser xustificadas antes de 31/12/12 para que o ente pagador puidera deixar a obriga en fase O (recoñecemento), tal e como se deduce da documentación de cada unha delas.

- O importe dos capítulos 4 e 7 correspondente a pendente de cobro de dereitos recoñecidos do orzamento corrente (ano 2013) ascende a un total de **172.564,25 euros**, dos que corresponde **axustar á baixa 10.268,04 euros** porque todavía están pendentes de recoñecemento da obriga por parte do ente pagador, xa que non se limita o prazo de xustificación ata como máximo o remate do presente exercicio, polo que o ente pagador podería incorporar os remanentes.

Polo que o axuste á baixa responde ao seguinte esquema:

Subconcepto	Denominación	DR
450	Convenio FEGAMP Programas atención e protección da Saúde.	2.115,04
461	Subvención Deputación Certame Literario.	900,00
461	Subvención Deputación Servizo axuda no fogar.	6.053,00
761	Subvención Deputación vestuarios Campo fútbol Gandarón.	1.200,00
	TOTAL	10.268,04

2.- AXUSTES NO ESTADO DE GASTOS.- No estado de gastos **NON** é necesario realizar ningún tipo de **axuste**

Aplicando os axustes sinalados anteriormente, resulta que a necesidade/capacidade de **financiación** real deste Concello ascende a **23.457,33 €**, segundo se desprende do cadro seguinte:

Dereitos Recoñecidos Netos (cap. 1 a 7)	1.352.177,58
Axuste Ingresos Fiscais (MENOS)	40.170,98
Axuste Participación Tributos Estado	- 0,00
Axuste Transferencias correntes e capital (MAIS e MENOS)	+14.864,97 -10.268,04



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Dereitos Recoñecidos Netos SEC95 (cap. 1 a 7)	<u>1.316.603,53</u>
Obrigas Recoñecidas Netas (cap. 1 a 7)	1.293.146,20
Axustes	0,00
Obrigas Recoñecidas Netas SEC95 (cap. 1 a 7)	1.293.146,20
Capacidade-necesidade de financiación SEC95	<u>23.457,33</u>

Resulta de todo o anterior un capacidade de financiamento por importe de **23.457,33 euros**, asemade deberíamos ter en conta os gastos que foron financiados no exercicio con **remanente de tesorería** pois implican un redución na capacidade de financiación do exercicio 2013, pero de carácter autofinanciado (nos gastos financiados con RLT recoñécese a obriga pero non o dereito que non se liquida), por tanto deberían eliminarse estes gastos do cómputo porque en puridade aínda que financiados teoricamente a efectos de equilibrio formal cun ingreso financeiro do capítulo 8, non se acudiu a financiación externa e por tanto non supoñen inestabilidade orzamentaria de carácter estrutural. No exercicio 2013, as obrigas financiadas con **RLT** (RLTGFAfectada 404,05 € + RLTGXerais 55.392,16 €) ascenderon a un total de **55.796,21 euros**, con cargo á modificación de crédito de incorporación de remanentes do exercicio anterior.

A continuación procederase ao cálculo da capacidade/necesidade de financiación aplicando a **SEGUNDA FÓRMULA** (cap VIII Gastos – cap VIII Ingresos) – (cap IX Ingresos – cap IX Gastos), pois tamén se deberá facer unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos, tal e como se desprende do art. 16.2 do regulamento. Así resulta a seguinte situación do Concello de Paradelas:

Cap	Denominación	DR	Cap	Denominación	OR
8	Activos Financieros	0,00	8	Activos Financieros	0,00
9	Pasivos Financieros	0,00	9	Pasivos Financieros	26.315,35
Variac. activos financeiros (cap 8 G- cap 8 I)		0,00	Variac. pasivos financieros (cap 9 I – cap 9 G)		-26.315,35
Capacidade-necesidade de financiación (variación activos – variación pasivos) -26.315,35					

Observamos que aplicando esta segunda fórmula o Concello de Paradelas presenta unha **capacidade de financiación** por importe de **26.315,35 euros**, polo que tamén se desprende que na liquidación do Orzamento de 2013 tense cumprido o principio de estabilidade orzamentaria.

QUINTO.- Conclusións.

Por último, e antes de proceder ás conclusións deste informe, é necesario facer unha precisión na definición da capacidade/necesidade de financiación, que dacordo co RD 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO), e o RDL 2/2007, do 28 de decembro polo que se aproba o

texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (TRLXEO), queda definida en termos presupuestarios, tal e como se deduce do art. 16.2 do regulamento.

O artigo 16.2 do RLEO establece "en las restantes entidades locales (no incluídas en el art. 111 del TRLRHL), la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes. El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en los artículos 168.4, 177.2 y 191.3 del TRLRHL, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación. El Interventor local detallará en su informe los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de Contabilidad Nacional, según el SEC95..."

*De todo o exposto, dedúcese que este Concello de Paradela **cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria**, presentando unha capacidade de financiación, que se traduce en termos numerarios en **23.457,33 euros** procedendo, tal e como sinala o RLEO a elevar ó Pleno este informe xunto co expediente de liquidación do orzamento do exercicio 2013 sen máis trámite.*

Paradela, 18 de febreiro de 2014. O Secretario-Interventor Asdo.: José López González".

O Pleno dase por enterado.

4º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE REMISIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014.

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da obriga de remisión do Orzamento Xeral do exercicio 2014, co seguinte tenor literal:

"INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DA OBRIGACIÓN DE REMISIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2014.

I.- NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (en diante RDL 2/2004).
- RDL 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.
- Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

II.- ANTECEDENTES DE FEITO

Resultando que a Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, en diante LOEPSF, regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32/07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza en correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio levou ao lexislador para establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obrigaón das Administracións Públicas de fornecer toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da citada Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así como a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

Considerando que o desenvolvemento regulamentario a que se refire o devandito artigo de LOEPSF, realizouno o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto, sobre as obrigaóns anuais de subministración de información, recolleuse no seu artigo 15, entrando en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da Orde.

Resultando que o artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obrigaón de remisión e recepción de información nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.

Por todos os feitos e fundamentos de dereito descrito emítese o seguinte:

II.- INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obrigaón de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 4 da Lei 2/2012, LOEPSF, e o desenvolvemento do mesmo realizado pola Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e en concreto co contido dos artigos 4 e 15 da mesma, este secretario-interventor cumpriu coa súa obrigaón de remisión de subministración da información dos orzamentos aprobados e os estados financeiros iniciais de todos os suxectos e entidades comprendidos no ámbito de aplicación desta Orden, das inversións previstas e os estados de previsión de movemento e situación da débeda; a información que permite relacionar o saldo resultante dos ingresos e gastos do orzamento coa capacidade ou necesidade de financiación, calculada conforme ás normas do Sistema Europeo de Contas; o informe da intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade, da regra de gasto e do límite da débeda; e a información relativa a persoal recollida nos apartados 1 y 2 do artigo 7, en tempo e forma, o 19/03/2014. Envorcándose a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na Oficina Virtual das Entidades Locais, achégase xustificante no expediente.

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Para fornecer a información requirida, correspondente ao orzamento do exercicio actual, ano 2014, e a pesar de que a normativa, non esixe de maneira específica a elaboración dun informe nin o seu posterior tratamento, esta intervención considera necesario a elaboración do presente informe, que resume a información envorcada, os principais criterios de estimación seguidos, e que recolle as conclusións respecto das previsións de cumprimento ou de incumprimento ao peche do exercicio

orxamentario dos obxectivos de estabilidade orxamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto.

Hai que destacar que a propia plataforma telemática habilitada para o envorcado da información, recolle no apartado 4 Peche do informe de avaliación e firma, a necesidade de dar traslado ao pleno da Corporación do resultado do informe de avaliación. O capítulo IV da LOEPSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio podería, impoñer ás entidades locais, cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orxamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orxamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo iso, do presente informe considérase necesario dar traslado á Alcaldía, para que se proceda á súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Contido da información

A información para fornecer para dar cumprimento á obrigaón de remisión, é parte da que se recolle no artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, e materializouse nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento de Entidades Locais, cumprimentados a través da Oficina Virtual antes citada, que non recolleu o total da información detallada no artigo.

Se adxunta copia impresa dos formularios remitidos:

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos presupuestarios

Resumen Clasif. Económica

Desglose Ingresos correntes

Desglose Ingresos de capital e financeiros

Desglose Gastos correntes

Desglose Gastos de capital e financeiros

Clasificación por programas

Desglose transferencias

F1.1.12 Dotación de Plantillas e retribucións

F1.1.13 Débeda viva e previsión vencemento da débeda

F1.1.14 Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

F1.1.15 Inversións reías

Anexos información

F.1.1.B1 Axustes Informe de Evaluación para relacionar Ingresos/Gastos con normas SEC

F.1.1.B2 Información para a aplicación da Regla do Gasto

2. Ajustes a Sistema de Contas Europeo aplicables a Grupo de Entidades da Corporación

2.1 Axustes por transferencias entre entidades

3. Informe de Evaluación grupo Administraciones Públicas

3.0 Datos xerais do Informe de Avaliación



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

3.1 Validación datos informe avaliación/levantar validación

3.2 Resumo análise Estabilidade Presupuestaria

3.3 Resumo análise Regla do Gasto

3.4. Resumo análise estabilidade financeira

3.5 Peche do Informe de Avaliación e Sinatura

IV.- CONCLUSIÓN DO INFORME DE AVALIACIÓN:

Comunicáronse os datos correspondentes ao Informe de Avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, e que supoñen que o Orzamento desta Corporación:

- Cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, estimándose unha capacidade de financiamento de 29.090,46 €.

- Cumpre co obxectivo de regra de gasto, estimándose unha diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable do Orzamento 2014 por importe de 69.251,53 €.

- O nivel de débeda viva é de 233.011,26 € a data 31.12.2014.

Paradela, 19 de marzo de 2014. O Secretario-Interventor Asdo.: José López González”.

Intervén o Secretario-Interventor dicindo que os datos presentados son os mesmos que constan na aprobación do orzamento, salvo que ao confeccionar o orzamento fíxose sobre a previsión da liquidación, e os remitidos neste intre foron xa cos datos da liquidación definitiva.

O Pleno dase por enterado.

5º.- MODIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO APARTADO SEXTO DA BASE DE EXECUCIÓN NUMERO 24 DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2014, RELATIVA A AXUDAS E SUBVENCIÓNS PÚBLICAS.

Consta no expediente, a proposta de Alcaldía, co seguinte tenor literal:

“O Grupo de Goberno ante as iniciativas e actividades que está adoptando a Banda de Música de Paradela, entidade de carácter cultural, artística e musical, ten a intención de outorgar unha subvención nominativa por importe de 3.000,00 €.

Con carácter previo e para o estricto cumprimento da lexislación vixente resulta necesario a modificación do apartado sexto da Base de Execución número 24 do actual Orzamento de 2014, relativa a Axudas e subvencións públicas para incluír á citada Entidade dentro dos beneficiarios de subvencións nominativas que outorga o Concello de Paradela.

En vista de todo o anterior, o Concello propón ao Pleno da Corporación,

PRIMEIRO.- A modificación do apartado sexto da Base de execución número 24 que quedaría redactada do seguinte xeito:

6.- En todo caso son subvencións con asignación nominativa no Orzamento:

- ADESPA.....	4.200,00 €
- ASOCIACIÓN CULTURAL "O BARRIDO".....	1.200,00 €
- ASOCIACIÓN DE MULLERES DE PARADELA.....	1.000,00 €
- ASOCIACIÓN XUVENIL DE CASTRO DE REI DE LEMOS....	1.000,00 €
- AGRUPACIÓN DEPORTIVA DE VETERANOS DE PARADELA	500,00 €
- BANDA DE MÚSICA DE PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS CASTRO DE REI DE LEMOS.....	2.000,00 €
- COMISIÓN FESTAS PARADELA.....	3.000,00 €
- COMISIÓNS FESTAS TRADICIONAIS E POPULARES	
PARROQUIAS DO MUNICIPIO, 60 € por Parroquia.....	600,00 €
- FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA.....	500,00 €
- SOCIEDADE DEPORTIVA PARADELA.....	6.000,00 €

SEGUNDO.- Expoñer ao público a modificación do apartado sexto da base de Execución número 24 do Orzamento Xeral para o exercicio 2014, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncios no Boletín da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, a efectos do seu exame e presentación, no se caso das reclamacións oportunas polos interesados.

TERCEIRO.- Considerar elevado a definitivo este acordo no caso de que non se presente reclamación algunha.

Paradela, 17 de marzo de 2014. O Alcalde-Presidente. Asdo.: José Manuel Mato Díaz."

Sómete a proposta de alcaldía a votación, que resulta aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros, (nove do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo este o número legal de membros.

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación dásele a palabra a Voceira do Grupo Municipal Socialista, Dona Sonsoles López Izquierdo, que procede a dar lectura das preguntas presentadas en data 21 de marzo de 2014.

- A primeira pregunta con Rexistro de entrada número 267, ten o seguinte tenor literal:

"Dª. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:

PREGUNTA:

Con data 30.3.2012 a Deputación de Lugo remitiu ao Concello de Paradela información sobre un plan de auditorías enerxéticas en instalación públicas de titularidade municipal. Dita documentación foi recibida no Concello e rexistrada o día 3.4.2012.

Nesa comunicación se informaba do proxecto de produción de enerxías renovables relacionadas co ciclo da auga, proxecto para o cal este concello solicitou adhesión no mes de xaneiro, e se pedía formalizar unha encomenda de xestión por medio dos modelos que se acompañaban. Así mesmo, se pedía formalizar a adhesión ás



CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradelas
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

auditorías enerxéticas que, ademáis, levaban consigo a instalación de melloras que se conclúsen necesarias, de forma gratuíta.

Este concello non remitiu resposta polo que non aproveitou esas auditorías nin as súas melloras. Si temos en conta que na actualidade opta á financiación do INEGA para este mesmo concepto.

- Pode explicarnos a que se debeu rexeitar o Plan da Deputación que ademáis era totalmente gratuíto?

En Paradelas a 20 de marzo de 2014

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradelas.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

O Sr. Alcalde resposta que pensa que cando nos acollemos a parte a que vostede se refire na pregunta entendía que xa nos acollíamos a todo, polo que se trata probablemente dunha omisión involuntaria, xa que nese momento xa nos acollíamos ás axudas do INEGA polo que por aí pode vir a confusión, dicindo que o traballo de análise da facturación eléctrica realizado pola Deputación remitiuse a unha asesoría con experiencia noutros concellos para dar solución e facer as propostas que correspondan respecto dos problemas recollidos no informe.

Dona Sonsoles López Izquierdo, di que foi un pena non adherirse á proposta da Deputación porque faltaba o acordo de encomenda de xestión, xa que era un servizo gratuíto, e agora a subvención do INEGA non sufraga o 100%.

A segunda pregunta con Rexistro de entrada número 266, ten o seguinte tenor literal:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:

PREGUNTA:

Coñecido o Análise da facturación e proposta de optimización levado a cabo pola Axencia Provincial da Enerxía pode aclarar o tipo de actividade a que se dedican os puntos de suminsitro clasificados como OT, a saber tres en Fraga Iribarne e un en Sta. Cristina.

O punto de suministro Centro Médico que indica? O Consumo do Centro Médico ou do tanatorio ou ambos?

É o Concello responsable do pago do consumo eléctrico do Centro Médico?

En Paradelas a 20 de marzo de 2014

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradelas.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA

O Sr. Alcalde resposta, que os subministros calificados como OT, un dos de Praza Fraga Iribarne correspóndese coa depuradora de augas residuais o de Santa

Cristina cos motores das bombas da traída municipal e os outros dous estase en estudio para saber a que corresponden.

O consumo refírese tanto ao tanatorio coma o centro de saúde, só hai un contador no edificio e o Concello faise cargo dese pago, se ben ten asinado un convenio coa Consellería de Sanidade relativo a gastos correntes do Centro de Saúde.

A terceira pregunta con Rexistro de entrada número 268, ten o seguinte tenor literal:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:

PREGUNTA:

Con respecto as obras da Casanova (Vilaragunte) e de A Praza do Campo. Contrastou vostede se os prezos das unidades de obra son os prezos reais de mercado?

En Paradela a 20 de marzo de 2014

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

O Sr. Alcalde di, que lle recorda que quen realiza os proxectos son técnicos competentes, proxectos aprobados polo Concello e validados pola Xunta de Galicia e auditados por ela, polo que entedemos que si son prezos reais de mercado.

A cuarta pregunta con Rexistro de entrada número 265, ten o seguinte tenor literal:

“D^a. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno a seguinte:

PREGUNTA:

Segundo o protocolo de colaboración asinado en data 25 de xaneiro de 2012 cos Concellos de Portomarín e O Páramo, estase a contratar a unha Orientadora Laboral para levar a cabo labores de información, orientación e busca de emprego.

Pode explicarnos que labores levou a cabo no Concello de Paradela?

Ten horario de atención ao público en Paradela?

Pode valorar en que se ve favorecida Paradela con esta contratación?

En Paradela a 20 de marzo de 2014

Asdo. D^a Sonsoles López Izquierdo

Voceira do Grupo do PSdeG_PSOE no Concello de Paradela.

ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.

O Sr. Alcalde resposta, que se trata dun servizo que se presta ao abeiro dunha Orde da Xunta na que esixía que fose compartido entre alo menos tres concellos, e chegouse a un acordo cos Concellos de O Páramo e Portomarín para solicitala e ter un servizo importante, no que o noso Concello no ano 2012 e 2013 non aportou cantidade alguna, tratándose dunha labor na que estivo en contacto coas empresas, coas Axentes de Desenrolo Local dos Concellos, a través de bandos e en contacto cos desempregados que lle son remitidos dende o Servizo Galego de Colocación, tanto na preparación de



CONCELLO DE PARADELA



Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15
27611 Paradela
Tfno: 982 54 11 01/96
Fax: 982 54 12 32 / 07
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

entrevistas como na concertación das mesmas; de feito unha persoa do Concello de Paradela foi contratada por un granxa en Portomarín a través deste servizo; polo que considera que está a ser un servizo bo para Paradela, en continuo contacto coa ADL así como cos desempregados e empresarios, que o servizo préstase no Concello de Portomarín en canto oficina física, pero que a técnica visita o Concello con asiduidade e atende en Paradela no caso de que a persoa non se poda desprazar a Portomarín.

Antes de levantar a sesión, gardouse un minuto silencio polo falecemento o pasado domingo do Expresidente do Goberno, Don Adolfo Suárez.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e vinte e catro minutos do vinte e sete de marzo de dous mil catoores, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.

Visto e praxe
O Alcalde



O Secretario-Interventor



